

O motín da Ulloa: unha revolta que levou a sublevación a toda a Galiza

"En Madrid existía a convicción de que todo o Reino da Galiza se atopaba alborotado e sublevado e que os motíns se estendían a todo o país", relata Jesús de Juana López.



photo_camera Mulleres marchando contra Versalles (Foto: Biblioteca Nacional de Francia).



RICARDO SUÁREZ



07/MAIO/24 - 17:29 ACTUALIZADO: 08/MAIO/24 - 00:04

Apenas tiñan pasado uns meses desde o comezo da Revolución Francesa e a maioría das forzas armadas atopábanse nos Pireneos para controlar o conflito xurdido despois do levantamento do pobo galo, segundo relata **Jesús de Juana López, doutor en Historia Contemporánea e catedrático da Universidade de Vigo (UVigo).**



Nese contexto, había rumores de que se ía impor na Galiza, funcionando de experimento para levar a medida ao resto de territorios controlados pola [coroa](#) castelá, a chamada contribución única, unha medida fiscal da que o pobo temía ser a vítima indirecta ante a suba dos tributos que lle puidesen exixir os señores.

É nestas circunstancias nas que xorde o motín da Ulloa, unha revolta que recibiu este nome ao ter esta comarca e os seus municipios (Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla) como os seus núcleos principais. **Este feito histórico tratouse do maior levantamento contra os abusos fiscais que tivo lugar na Galiza do Antigo Réxime.**



Portugal: De condado da Galiza a reino independente. Logo de falaren as lanzas, falou a Igrexa

"Especialmente desde agosto até finais de novembro de 1790 partidas de amotinados armados de paus e elementos agrícolas provocaron balbordos polas feiras do país, como en **Monterroso, Chantada, Vilalba, Ribadavia, Vilanova dos Infantes, entre outras moitas, ou en cidades como Lugo, Santiago, Betanzos, Mondoñedo e, ao cabo, Ourense**, sen que ninguén puidese frealos nin deter", relata De Juana López.

"O obxectivo era impedir: o incremento dos [impostos](#) das transaccións comerciais; a implantación da contribución chamada a Única, que amedrentaba aos propietarios mais tamén aos campesiños sobre os que ía recaer ao final a carga impositiva; e os abusos dos novos recadadores das rendas reais", explica o doutor.



Medo en Madrid

Segundo fontes eclesiásticas da época, foron entre 6.000 e 8.000 os campesiños e campesiñas que puideron ter participado desta revolta. "Chegou a ser tan numerosa e tan extensa que o propio Axente Xeral do Reino na Corte comunicou á cidade de Lugo, en decembro de 1790, que en Madrid existía a convicción de que todo o Reino da Galiza se atopaba alborotado e sublevado e que os motíns se estendían a todo o país", prosegue o catedrático no seu artigo ***O bispo Quevedo e a revolta galega chamada da Ulloa (1790) contra a contribución única.***



Aldán López, actor: "A través da recreación material aprendemos como pensaban as persoas que nos precederon"

Tras meses de revolta, esta foi sufocada. O levantamento que puxo en xaque o poder e que segundo a Corte de Madrid fixo que o Reino da Galiza se atopase sublevado rematou. **Con todo, a Contribución Única non foi finalmente implantada.**